

Actividades escolares Afundación curso 2026/27

escolares.afundacion.org



//Afundación
Obra Social ABANCA



VOO

Teatro de actor

Teatro O Cubo

Galego, 45 minutos

Educación Infantil (3 a 6 anos)

Vigo, Pontevedra, Ourense, Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol e Lugo.

Quen non pensou algunha vez en voar? Despegar os pés do chan e, como por arte de maxia, flotar na ingravidez do ar? A través do xogo máis primario, o descubrimento do propio corpo e a observación do contorno que as rodea, as dúas personaxes desta historia vense movidas de súpeto por unha curiosidade irresistible: voar!

Nesta procura incansable de alcanzar o ceo, viaxaremos coas protagonistas dende a ilusión e o asombro ata as frustracións e os medos. **Unha fantasía que nos invita a preguntarnos se somos quen de soñar, e, sobre todo, se somos quen de descubrir polo camiño do imposible que é o verdadeiramente importante.**





IRIÑA BAILARINA

Teatro de actor

Teatro dos Ghazafellos

Galego, 50 minutos

1.º e 2.º de Educación Primaria

Vigo, Pontevedra, Ourense, Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol e Lugo.

Un pirata, un xogador de fútbolín, unha bailarina de caixiña de música e un único desexo: xogar sen límites para medrar sen medidas. *Iriña bailarina* esculca na ruptura de roles de xénero a través dunha bailarina que vive nunha caixa de música e que debece por poder saír e xogar ao fútbolín ou ser pirata e modificar a súa propia sorte.

Unha reflexión sobre a igualdade de xénero, o cambio de roles e os estereotipos sociais a través dunha fermosa e divertida proposta.





CORALINDA

Teatro de actor

Elefante Elegante

Galego, 55 minutos

3.º e 4.º de Educación Primaria

Vigo, Pontevedra, Ourense, Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol e Lugo.

Nun lugar cincento, vive un señor todo vestido de cor gris que manipula una serie de caixas grises. Un día, chega unha muller cantando e bailando alegremente. Trae un vestido colorido e unha actitude exuberante que non deixa a ninguén indiferente.

Coralinda é unha comedia xestual que aborda a temática da inmigración e do medo ao que é diferente. Unha ollada cómplice, reflexiva e sensible en relación ás experiencias que viven as persoas que viaxan lonxe da súa terra en busca de mellores condicións de vida.





EQUIPO A

Música

ODAIKO PERCUSION GROUP

Galego, 60 minutos

5.º e 6.º de Educación Primaria

A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo,

Nesta proposta, que toma a percusión e o humor como forma de expresión, a colaboración e o traballo en equipo son indispensables para que todo saia ben. Un espectáculo que, a modo *reality*, crea a «sinfonía con sintonía perfecta».

Instrumentos de reciclaxe, reciprocidade en todos os números e moito ritmo. Darlles unha segunda vida ás cousas é vital para conservar o que nos rodea.





ROBIN HOOD

Teatro de actor

Face2Face Company

Inglés, 60 minutos

5.º e 6.º de Educación Primaria

Vigo, Pontevedra, Ourense, Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol e Lugo.

Robin Hood é a lenda dun bandido heroico e o seu grupo de ladróns, o malvado sheriff de Nottingham e unha dama en apuros. O sheriff de Nottingham, un home malhumorado e avarento, está recadando impostos dos cidadáns con menos recursos. Robin, con axuda da súa banda, The Merry Men, usa o humor, a música e a participación do público para devolverlle ao pobo a alegría e a xustiza.

Unha experiencia práctica e divertida para asimilar novos coñecementos e aprender a expresarse en inglés.





ACTION!

Teatro de actor

Face2Face Company

Inglés, 60 minutos

1.º, 2.º, 3.º e 4.º de ESO

Vigo, Pontevedra, Ourense, Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol e Lugo.

O teatro participativo será a ferramenta máis útil, práctica e divertida para aprender inglés.

Action! é un espectáculo visual e cinematográfico onde o humor (xestual e verbal) e o poder evocador da música do cine se converten en ferramentas para representar e parodiar as máis famosas escenas do mundo do celuloide. Os actores recrean a maxia do cine multiplicándose en infinidade de personaxes e provocando innumeras situacións hilarantes e surrealistas que nos adentran nas escenas de acción, de amor, dramáticas ou de suspense das películas que todo o mundo recorda.





FAN

Teatro de actor

La Corona Producciones

Castelán, 80 minutos

3.º e 4.º de ESO, 1.º e 2.º de Bacharelato

Vigo, Pontevedra e Santiago

Cando Canadá acolle no seu ático a Mónica, unha fan obsesionada con Felipe e co suposto traballo televisivo deste, non se imaxina que rematará involucrado no secuestro dunha das estrelas máis famosas do momento. Un encontro fortuíto que cambiará a vida dos tres para sempre, mais non da maneira que cabería esperar. Esta é a viaxe delirante de tres personaxes rotas que buscan ser vistas.

Unha comedia de suspense sobre o ego, a amizade, as mentiras que nos contamos para sobrevivir e, sobre todo, de **como ás veces a vida real e a imaxe que proxectamos nas redes sociais non coinciden**.

ENCUNTRO

Despois do espectáculo, o escenario convértese nun foro aberto: os actores e actrices da obra, os protagonistas das diferentes series televisivas e o público poderán debater sobre as persoas que consideramos influentes e que non sempre son o que parecen. Un convite a seguir pensando e aprendendo.

CICLO DE CINEMA SUBMARINO

Cinema documental

Colabora a Universidade de Vigo

5º e 6º Primaria, 1º e 2º ESO

Vigo

Proxección de documentais para coñecer e poñer en valor o ecosistema do noso planeta.



ACTIVIDADES PRESENCIAIS

A sede de Pontevedra acollerá unha sesión en lingua de signos dalgunhas das actividades ofrecidas.

A CORUÑA

Auditorio Sede Afundación

EQUIPO A

19 nov | 10.00 e 12.00 h

IRIÑA BAILARINA

10 dec | 10.00 e 12.00 h

ACTION!

14 xan | 10.00 e 12.00 h

ROBIN HOOD

18 xan | 10.00 e 12.00 h

CORALINDA

19 feb | 10.00 e 12.00 h

VOO

6 e 7 abr | 10.00 e 12.00 h

FERROL

Auditorio Sede Afundación

EQUIPO A

24 nov | 10.00 e 12.00 h

IRIÑA BAILARINA

11 dec | 10.00 e 12.00 h

ROBIN HOOD

14 xan | 10.00 e 12.00 h

ACTION!

15 xan | 10.00 e 12.00 h

CORALINDA

18 feb | 10.00 e 12.00 h

VOO

8 e 9 abr | 10.00 e 12.00 h

LUGO

Auditorio Municipal Gustavo Freire

EQUIPO A

18 nov | 10.00 e 12.00 h

IRIÑA BAILARINA

9 dec | 10.00 e 12.00 h

ACTION!

18 xan | 10.00 e 12.00 h

ROBIN HOOD

22 xan | 10.00 e 12.00 h

CORALINDA

16 feb | 10.00 e 12.00 h

VOO

20 e 21 abr | 10.00 e 12.00 h

OURENSE

Auditorio Municipal

IRIÑA BAILARINA

9 e 10 nov | 10.00 e 12.00 h

EQUIPO A

23 nov | 10.00 e 12.00 h

**ROBIN HOOD**

13 xan | 10.00 e 12.00 h

ACTION!

19 xan | 10.00 e 12.00 h

CORALINDA

9 e 10 mar | 10.00 e 12.00 h

VOO

13 e 14 abr | 10.00 e 12.00 h

PONTEVEDRA

Auditorio Sede Afundación

FAN

Encontro FAN

7 out | 10.00 e 12.00 h

En lingua de signos ás 10.00 h

EQUIPO A

9 nov | 10.00 e 12.00 h

IRIÑA BAILARINA

14, 15 e 16 dec | 10.00 e 12.00 h

En lingua de signos 14 dec | 10.00 h

ROBIN HOOD

11 e 12 xan | 10.00 e 12.00 h

ACTION!

20 xan | 10.00 e 12.00 h

CORALINDA

2 a 4 mar | 10.00 e 12.00 h

VOO

26 a 29 abr | 10.00 e 12.00 h

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Auditorio ABANCA

FAN

Encontro FAN

6 out | 10.00 e 12.00 h

EQUIPO A

17 nov | 10.00 e 12.00 h

IRIÑA BAILARINA

25 nov | 10.00 e 12.00 h

ACTION!

11 xan | 10.00 e 12.00 h

ROBIN HOOD

3 feb | 10.00 e 12.00 h

CORALINDA

17 feb | 10.00 e 12.00 h

VOO

12 abr | 10.00 e 12.00 h

VIGO

Auditorio Teatro Afundación

FAN

Encontro FAN

8 out | 10.00 e 12.00 h



CINEMA SUBMARINO

3 e 4 nov | 10.00 e 12.00 h para 5.º e 6.º de Primaria

5 nov | 10.00 e 12.00 h para 1.º e 2.º de ESO

IRIÑA BAILARINA

17 e 18 nov, 3 e 4 dec de 2026 e 23 feb de 2027 | 10.00 e 12.00 h

EQUIPO A

1 e 2 dec | 10.00 e 12.00 h

ACTION!

12 e 13 xan | 10.00 e 12.00 h

ROBIN HOOD

19 a 21 xan e 1 feb | 10.00 e 12.00 h

CORALINDA

2 e 3 feb, 15 a 17 mar | 10.00 e 12.00 h

VOO

3 a 7 mai | 10.00 e 12.00 h



NORMAS DE INSCRIPCIÓN PARA ARTES ESCÉNICAS

- Prazo de reservas: **ata o 30 de setembro de 2026.**
- A solicitude farase a través da [Área Privada de Centros Educativos](https://actividades.afundacion.org), en actividades.afundacion.org. Cada centro recibirá un correo electrónico no seu enderezo oficial da Xunta cunha ligazón para crear o seu propio usuario e contrasinal.
- Unha vez dentro, o centro poderá consultar a oferta educativa organizada por programas (incluído Artes Escénicas) e solicitar praza na sesión de preferencia.
- Solicitarase praza para un máximo de 150 escolares por centro e actividade (100 no caso da Coruña e de Ferrol por cuestións de capacidade).
- Prezo: 2,5 €/escolar en todas as obras, agás en *FAN*, que será de 5 €.
- O importe total ingresarase no número de conta ES 91 2080 5000 61 3040323643. No concepto da transferencia, deberase indicar o código de ingreso, que comunicaremos previamente desde Afundación canda a asignación de actividades. O prazo límite para facer o pagamento será o mesmo día da actividade.
- A solicitude quedará rexistrada automaticamente co estado «Solicitada». Desde Afundación, revisarase e confirmarase a asignación e o centro recibirá un correo electrónico coa confirmación.
- O centro poderá consultar en calquera momento o estado da súa solicitude («Solicitada», «Confirmada») desde a Área Privada, sen necesidade de realizar ningún paso adicional de confirmación pola súa parte.
- Se un centro xa ten unha praza confirmada e finalmente non pode asistir, deberá comunicalo canto antes a través do teléfono ou o correo indicados neste documento para poder liberar esa praza e ofrecerlla a outro centro interesado.
- As guías didácticas de cada actividade están dispoñibles para consultar e descargar desde a ficha da actividade.
- Máis información nos teléfonos 986 120 089 e 986 120 078 ou en escolares@afundacion.org

//Afundación

Obra Social ABANCA